FUNDACIÓN CARLOS CASARES

V PREMIO CARLOS CASARES DE XORNALIMO LITERARIO

ACTA DO FALLO

Cumpridos os prazos marcados polas Bases da V Convocatoria do Premio Carlos Casares de Xornalismo Literario, reuniuse en Xinzo de Limia, o día 8 de outubro de 2026, o xurado do premio composto por Don Carlos Gómez Salgado, en representación do alcalde do Concello; Don Xavier Casares Mouriño; Dona Stella Estrada Mosquera; Don Carlos Xavier Ares Pérez (en liña); Don Víctor Fernández Freixanes (en liña) en concepto de gañador da IV edición do premio; e Don Gustavo Adolfo Garrido García, en calidade de secretario do xurado, con voz pero sen voto.

Despois da deliberación pertinente, o xurado decidiu por unanimidade outorgar o premio a Don Xosé Luís Méndez Ferrín, pola dimensión excepcional da súa obra xornalística, publicada durante máis de corenta anos. Desde as páxinas do FARO DEL LUNES e de EL CORREO GALLEGO ás de A NOSA TERRA; e desde 2007 a 2020 en FARO DE VIGO, baixo o título "***No fondo dos espellos***", pechando un ciclo excepcional.

A obra xornalística de Xosé Luís Méndez Ferrín (Vilanova dos Infantes, Celanova, 1938) é una extensión directa do seu pensamento crítico, xenio literario e ideario político, despregándose nun amplo abano temático, sempre cun rigor estilístico particular, atravesado dunha beleza narrativa brillante, que o ten convertido nun referente inescusable neste eido. Co fío social como motor e a realidade como soporte, onde a literatura vén rescatar feitos, situacións e figuras, ás veces marxinais ou marxinadas, devolvéndolles a dignidade social, cultural ou política no contexto do galeguismo en calquera das súas manifestacións.

O xurado quere resaltar que Xosé Luís Méndez Ferrín é unha das grandes voces da literatura galega dos séculos XX e XXI. A súa obra forma parte xa do patrimonio cultural do país e constitúe unha referencia imprescindible para comprender a evolución da lingua literaria galega, a renovación estética da nosa narrativa e a capacidade da literatura para dialogar coa historia, coa memoria colectiva e cos conflitos do seu tempo. A súa escrita, esixente e poderosa, abriu camiños formais e simbólicos que marcaron varias xeracións de lectores e escritores.

Por todo isto decidiu concederlle este V premio Carlos Casares de Xornalismo Literario, o cal compráceme comunicar publicamente para os efectos oportunos.

En Xinzo de Limia, a 8 de outubro de 2026.

Gustavo Adolfo Garrido García
Secretario do Xurado